



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Portas para que proceda á maior brevidade posible, a comprobar se se levaron unhas obras de reposición á legalidade ordenadas e a comprobar se nuns expedientes de reposición se produciu a caducidade, dándolle a tramitación que corresponda.

Expediente: B.10.Q/7423/21

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por D. [REDACTED] con data do 16 de xullo de 2021, pola falla de execución do Concello de Portas da Resolución da alcaldía núm. 2020-0069, do 24 de febreiro de 2020, na que se ordenaba a demolición da ampliación de galpón, sito no lugar [REDACTED], que debería terse executado no prazo máximo de tres meses, sen que á data de presentación da queixa se executase e sen que lle consten sancións aos responsables das infraccións urbanísticas, nin aos responsables do incumprimento da orde de demolición.

Ademais informa que os responsables das ditas infraccións urbanísticas, executaron obras adicionais non amparadas por licenza urbanística con posterioridade a dita resolución.

Na conclusión ao Expediente B.10.Q/4532/20 da Valedora do Pobo, se informaba do inicio de tres expedientes por parte do Concello de Portas para realizar as actuacións administrativas necesarias para a execución da resolución antes indicada.

ANTECEDENTES

A queixa foi admitida a trámite, promovendo dende esta institución unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, e na que se solicitou ao Concello de Portas a remisión de informe con data do 15 de setembro e 21 de outubro de 2021.

Con data do 8 de novembro de 2021, o Concello de Portas remite oficio co que xunta informe emitido pola Arquitecta Municipal do 7 de outubro de 2021.

No dito informe faise constar en relación coas actuacións levadas a cabo no predio con referencia catastral [REDACTED], no lugar de [REDACTED], que se iniciaron os seguintes procedementos:

- Expediente 575/2020: Execución Subsidiaria pola ampliación do galpón, no que por decreto do 28 de xullo de 2021, se impuxo unha primeira multa coercitiva á propiedade e se lle concede un prazo de tres meses para que leve a debido efecto as obras e actuacións tendentes de cara á plena restitución da legalidade urbanística.
- Expediente 576/2020: Reposición da Legalidade Urbanística por obras interiores no galpón, actualmente en tramitación.
- Expediente 577/2020: Sancionador por Infracción Urbanística por ampliación de galpón, actualmente en tramitación.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Da documentación e remitida polo interesado e do informe do Concello de Portas constátase o seguinte:

- No expediente aberto pola ampliación de galpón, se interpuxo unha primeira multa subsidiaria e se concedeu un prazo de tres meses á propiedade para que levasen a debido efecto as obras de restitución da legalidade urbanística, sen que conste no informe da Arquitecta Municipal se as obras se levaron ou non a cabo.
- Dos expedientes de restitución da legalidade por obras interiores no galpón, e de ampliación de galpón que se iniciaron no ano 2020, unicamente consta que están actualmente en tramitación.

SEGUNDA.- De acordo co disposto no artigo 371 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os concellos teñen entre as súas competencias, o exercicio da actividade administrativa relativa á protección da legalidade urbanística, que comprende, entre outras funcións, a de inspeccionar as obras, edificacións e usos do solo para comprobar o cumprimento da legalidade urbanística, constatar e denunciar todas as anomalías que se observen, e iniciar os correspondentes expedientes de reposición da legalidade urbanística, adoptando as medidas cautelares, correctivas e sancionadoras que se consideren convenientes para o mantemento da disciplina urbanística.

TERCEIRA.- Calquera cidadán pode solicitar a supervisión das obras e actividades, especialmente as que lle estean causando prexuízos de acceso á súa vivenda e de molestias e rúidos causados na mesma, tendo a Administración, neste caso a local, o deber de inspeccionalas e de comprobar se contan coa preceptiva licenza e de tela, si se están a executar as obras ou actividades de conformidade coa mesma e co resto da normativa que lle sexa aplicable.

De conformidade co disposto no artigo 152 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando se estea realizando algún acto de uso do só ou do subsolo sen ou título habilitante esixible en cada caso ou sen se axustarse ás condicións sinaladas nel, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dúas devanditos actos e procederá a incoar ou expediente de reposición da legalidade, comunicándollo á persoa titular.

Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como ou precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de subministracións ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata acadar ou cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sexa conveniente a prol da efectividade da suspensión.

Instruído o expediente, adoptarase a resolución que proceda, podéndose adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución e debendo resolverse o expediente non prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

Dado que os expedientes de reposición da legalidade urbanística 576/2020 e 577/2020, unicamente se indica no informe que están en tramitación, debe comprobarse se transcorreu o prazo dun ano establecido polo citado artigo 152, por se procede por tanto declarar a súa caducidade e iniciar novo expediente que debe resolverse no prazo marcado pola Lei.

CUARTA.- De conformidade co disposto no artigo 103 da Constitución Española e o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións Públicas deben servir con obxectividade os intereses xerais e actuar con sometemento pleno á Lei e ao Dereito, polo que, debe procederse á maior brevidade posible, a comprobar se no expediente 575, se levaron as obras de reposición á legalidade ordenadas.

De acordo co anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Portas o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que de conformidade co disposto no citado artigo 152, o Concello deberá proceder á maior brevidade posible, a comprobar se no expediente 575/2020, se levaron as obras de reposición á legalidade ordenadas e a comprobar se os expedientes de reposición 576/2020 e 577/2020 se produciu a caducidade, dándolle a tramitación que corresponda.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo.